



## DE TODO COMO EN BOTICA

Dende a segunda derrota consecutiva dos modestos, pasando pola golpe enriba da mesa dos xuvenís; de todo tivemos na primeira fin de semana de novembro nos distintos partidos disputados polos nosos equipos. Analizamos.

**MODESTOS:** Segunda derrota da tempada, esta vez na casa ante o Rápido de Neda. Non foi a mellor tarde dos nosos futbolistas, que pese a estas dúas derrotas continúan na zona alta da clasificación. ¡¡¡Toca reaccionar!!!

**XUVENÍS:** ¡¡¡EXPLOSIÓN!!! Despertaron os xuvenís do letargo dos habituais empates desta temporada. A mellor forma de facelo foi endosándolle unha "manita" a un dos favoritos como é o Narón Balompié. ¡¡¡Noraboa rapaces!!!



**CADETES:** Venceron nun partido discreto en Neda para auparse ó liderato do grupo da competición de Copa.

**INFANTÍS:** Mal partido dos infantís en Narón onde se viron superados en todo momento polo gran conxunto local. Queda seguir traballando.

**FÚTBOL - 8:** Pleno de victorias (nada importantes nestas categorías) Na festa do fútbol na mañá do sábado en Prados Vello os alevíns vencían o Perlío "B", os benxamíns o Galicia de Caranza "C" e os numerosos prebenxamíns o Rápido de Neda "B". Non houbo lesións nin comportamentos antid deportivos, polo que foi unha fin de semana para o fútbol - 8, novamente.

En resumo, semana aceptable en canto a resultados para o Numancia, na que pasamos a ITV aínda que con algunha falta leve que intentaremos arreglar para a vindeira fin de semana.

O xoves faremos a previa do fin de semana; onde destacan o derbi de xuvenís, G. Mugar dos - Numancia o venres e a visita do primeiro equipo a San Mateo o domingo.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!